

É licenciado en composición polo Centro de Investigación e Estudos Musicais da Cidade de México, mestre en composición e sonoloxía polo Real Conservatorio da Haia e do Instituto de Sonoloxía en Holanda e doutor en composición polo Centro para a Práctica da Música Contemporánea da Universidade Brunel en Londres.

O seu traballo foi premiado por institucións e festivais como o Consello da Música en México 2003, a International Gaudeamus Music Week Amsterdam 2008, International Jurgenson Competition Moscova 2007, e o Foro de Música Nueva Ciudad de México 2010.

Recibiu encargos e as súas pezas foron interpretadas por músicos e *ensembles* como o Arditti Quartet, L'Ensemble Intercontemporain, Cuarteto Latinoamericano, Ensemble Klang, Juan Martínez, CHROMA Ensemble, Smash Ensemble, Exaudi Vocal Ensemble, Ensemble Brooomm!, IKTUS Percussion Quartet, Sarah Nicolls, POW Ensemble, Electronic Hammer, Trio Gáman, José García, Pontus Langendorf, Studio for New Music Ensemble, Milana Zaric, Goska Isphording, Vortex Ensemble, Yu-Wen Hung, London Contemporary Orchestra, Ensemble MAE, Ensemble Modelo62, Talea Ensemble, Sonolab e Champ d'Acción. Reside en Holanda onde desenvolve o seu traballo como compositor e investigador.

www.hugomoraes.org

Charles-Antoine Fréchette (Canadá, 1981). Estudou piano na Escola Vincent D'Indy con Claude Labelle, profesora da Universidade de Montréal, cidade onde tamén recibiu o seu máster en composición no Conservatorio de Musica de Québec, onde estudou con Michel Gonneville. Actualmente está a rematar os estudos de doutoramento en composición na Universidade McGill baixo a supervisión de Philippe Leroux. Gañador do primeiro premio na categoría de solo de piano do Concurso Nacional para Novos Compositores da CBC/Radio e de cinco premios da SOCAN, Fundación para Novos Compositores. Recibiu doazóns e comisións do CAC, CALQ e CIRMMT. Tamén recibiu unha bolsa de investigación, o FQRSC, polos seus estudos de doutoramento. As súas obras foron interpretadas por Toronto's New Music Concerts, ECM+, Lorraine Vaillancourt (Academia Internacional NIN 2011), o cuarteto Diotima (Acanthes 2010), McGill Percussion Ensemble, Ensemble Chorum, Sylvio Gualda (Orquesta Nacional Lorraine en Acanthes 2005), a Esemble de Música Contemporánea de Moscova (Academia Internacional 2012), Distractfold Ensemble e moitos outros.

É membro fundador do Chorum Ensemble e foi o seu director artístico entre 2006 e 2012. Recibiu unha bolsa do Canada Art Council para realizar esta colaboración con Vertixe Sonora Ensemble.

<https://soundcloud.com/charles-antoine-fr-chette>

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello saxofóns / Criptana Angulo violonchelo / David Durán piano / Diego Ventoso percusión / Ángel Faraldo electrónica e difusión de son

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.org



XUNTA
DE GALICIA

galicia

2013
ANIVERSARIO CGAC



www.vertixesonora.net



Canada Council
for the Arts

Conseil des arts
du Canada

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 8 outubro 2013

AMBIGUO E SUBLIME VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Alireza Farhang *When I do Count the Clock that Tells the Time** (2013)

saxofón, percusións, piano e violonchelo

Santiago Díez Fischer *Un jardín primitivo** (2013)

trío amplificado para saxofón barítono, violonchelo e percusión

Hugo Morales Murguía *Generador 1** (2013)

4 músicos con instrumentos graves e xerador de pulso

Charles-Antoine Fréchette *Toposition(s)#3** (2013)

saxofón, percusións, piano, violonchelo, 11 micrófonos e sonorizador

Con *Ambiguo e sublime* finaliza o ciclo *Música e arte. Correspondencias sonoras* 2013. Catro concertos con pezas de nove compositores que estableceron un diálogo persoal coas exposicións do CGAC, ademais de compartir o seu pensamento nos encontros de composición organizados paralelamente ao ciclo. Para esta ocasión, Vertixe Sonora encomendoulles aos compositores Alireza Farhang (Irán, 1976), Santiago Díez Fischer (Arxentina, 1977), Hugo Morales Murguía (México, 1979) e Charles-Antoine Fréchette (Canadá, 1981) establecer a correlación musical coa exposición do artista Graham Gussin *CLEARBLUESKYDEEPDARKWATER*, explorando "a nosa percepción do tempo, do espazo e da escala como elemento de relación orgánica entre a obra, o espectador e o lugar de exhibición", "apropiándose de imaxes e narracións literarias extraídas da historia da arte" e revelando "un particular interese polo sedimento estrutural da linguaxe (fílmica) máis que polas súas articulacións narrativas".

Pablo Coello

AS OBRAS

***When I do Count the Clock that Tells the Time** (2013)**

O título, revelador inmediato do propósito desta composición, é o primeiro verso dun poema de Shakespeare. No "Soneto XII", o poeta utiliza a súa imaxinación para escribir sobre o paso do tempo, ás veces lento, outras rápido, que lle pon fin a todo.

Co fin de abordar musicalmente o desenvolvemento do tempo, analizouse a estrutura rítmica da frase *When I*, cuxos valores rítmicos foron modificados en sete etapas mediante un algoritmo, de xeito que ao final todos os valores se igualan cunha negra. Esta pulsación regular representa o tempo do reloxo. É pola superposición e xustaposición destas sete capas rítmicas que o compositor confronta o

*Encarga de Vertixe Sonora. Estrea absoluta

tempo percibido e o tempo cronolóxico do reloxo sen ter por iso a necesidade de recorrer ás aceleracións e deceleracións por cambio de *tempo*.

O despregamento harmónico e melódico da obra está baseado na aura creada polo saxofonista, que canta á vez que produce o son do instrumento.

Sonnet 12

When I do count the clock that tells the time, / And see the brave day sunk in hideous night;
/ When I behold the violet past prime, / And sable curls, all silvered o'er with white; / When
lofty trees I see barren of leaves, / Which erst from heat did canopy the herd, / And summer's
green all girded up in sheaves, / Borne on the bier with white and bristly beard, / Then of
thy beauty do I question make, / That thou among the wastes of time must go, / Since sweets
and beauties do themselves forsake / And die as fast as they see others grow; / And nothing
'gainst Time's scythe can make defense / Save breed to brave him when he takes thee hence.

William Shakespeare

Un jardín primitivo* (2013)

Se algunha vez entrásemos na nosa memoria. Se algunha vez puidésemos acceder directamente ás orixes da nosa memoria, atoparíamos —quizais— unha especie de xardín primitivo onde comezan a florecer as experiencias da vida. Pequenas plantas, flores. árbores que serán cada vez máis selváticas a medida que o noso camiño avanza.

Esa foi a idea desta obra, volver a aquel xardín do cal saíron os sons e os xestos que nutriron a miña música.

Con todo, como acontece sempre coas viaxes, non fun quen de me desprender das miñas propias ideas... Entón, cal é o resultado dunha viaxe cara ao primordial dos nosos recordos pero coas experiencias xa vividas? [...]

No meu caso e na miña música é esta peza.

Santiago Díez Fischer

Generador 1* (2013)

Diferentes niveis de gradación sonora por medio da perseveranza mecánica e constante dunha soa figura. Dentro desta serie de iteracións de tons resultantes, xéranse no espazo zonas estacionarias e ondadas harmónicas, resultando en mutacións sonoras que oscilan a través de diversos estados, formas e fluxos.

Hugo Morales Murguía

Toposition(s)#3* (2013)

Na serie de pezas *Toposition(s)*, estou tratando de explorar as proporcións, estruturas e morfoloxías internas dos sons ambientais, unha vez encarnados e incorporados polos músicos. Esas exploracións leváronme a desenvolver un método teórico de composición que chamo *ecomimicry* (do grego *oikos*, 'hábitat', e *mimèsis*, 'imitación'). *Toposition(s)#3* baséase principalmente nos diferentes comportamentos das ondas —lixeira borrasca, pequenas ondas rompendo nas pedras, mar picado—, pero tamén, nos sons das baleas —chepudas e belugas— e no interior resoante dun barco atrapado nunha tempestade. Malia que ás veces se fan eco ou se fusionan consigo mesmas, as voces instrumentais desenvólvense de xeito independente, dun conxunto de restricións a outro, como diferentes fluxos superpostos (de aí o título *Toposition(s)*). Todas as pezas desta serie exploran unha disposición non convencional e diferente no espazo (*topo* do grego *topoî* 'lugar').

Charles-Antoine Fréchette

OS COMPOSITORES

Alireza Farhang (Irán, 1976). O seu primeiro contacto coa música foi da man do seu pai á idade de seis anos. Logo continuou os seus estudos de piano tutelado por Emmanuel Melikaslarian e Rafael Minaskanian. despois de ingresar na Universidade de Teherán, onde posteriormente exercería a docencia, estudou composición con Alireza Mashayekhi. Continuou estudos en composición con Michel Merlet (École Normale de Musique de París), gañou a bolsa Albert Roussel e obtivo senllos diplomas superiores en composición e orquestración. máis adiante estudou no Conservatorio de Estrasburgo (na clase de Ivan Fedele). Na actualidade está a escribir unha tese de doutoramento na Universidade da Sorbona (París IV), baixo a supervisión de Marc Battier e Tristan Murail, sobre a integración de elementos musicais das culturas non occidentais na música baseada no timbre. Tamén presentou o relatorio *Composición musical e tecnoloxías* no marco dun novo Curso Europeo (ECMCT) desenvolvido conxuntamente polo IRCAM e a Technische Universität (TU), a Universität der Künste (UDK) e a Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín.

Tivo a oportunidade de ampliar a súa experiencia musical traballando con compositores coma Toshio Hosokawa, Olga Neuwirth, Gérard Pesson, Michael Jarrell e Yan Maresz.

A súa música presentouse en festivais como a *Gaudeamus Muziekweek* de Amsterdam, o Festival de Música de Estrasburgo, o Festival d'Automne en París, o Festival Acanthes ou o Festival Inventionen en Berlín, onde interpretaron as súas obras formacións como Arditti String Quartet, Nieuw Ensemble, Ensemble Alternance, Ensemble Mosaik, Kronos Quartet, QNG e Klang Ensemble.

www.alirezafarhang.com

Santiago Díez Fischer (Arxentina, 1977). Licenciouse en composición e dirección coral na UCA. Estudou composición con Jorge Sad en Arxentina, con Rebecca Saunders en Berlín, e xa en París con François Bayle, Maresz Yan, Denis Dufour, Thierry Blondeau e Philippe Leroux.

Obtivo diferentes bolsas e subvencións de investigación, de composición e de creación artística: da Universidade de Eichstätt-Ingolstadt; da Fundación Antorchas; da Secretaría de Cultura da Nación (2004); do Atlantic Center for the Arts e da Embaixada de Francia en Arxentina (2006). En 2010 asistiu ao curso de composición organizado polo Ircam e en 2011 foi seleccionado para o programa de residencia da Akademie Schloss Solitude. Obtivo o primeiro premio de composición en Música Viva 2005 e na edición de 2009 do Prix Joan Guinjoan. Antes diso xa fora finalista e recibira varias mencións en diferentes concursos de composición en Portugal ou Arxentina.

A Société Internationale pour la Musique Contemporaine incluíu algunhas das súas pezas no programa do Forum de la Jeune Création Musicale (París, 2003, 2007, 2011). En 2012 Ensemble Dal Niente estreou a súa obra en Darmstadt. Gañou o primeiro premio de Música Ficta, que incluíu a encarga dunha obra para Ensemble Alternance en 2013. As súas obras foron interpretadas por formacións como TM+, no Musikhøst 2008 (Copenhague), Ensemble Cairn, Ensemble L'imaginaire, etc.

Entre as súas encargas recentes están unha opera de cámara (Ensemble leBalcon, Francia), un octeto con mezzosoprano (Ensemble Soundinitiative, Francia), un cuarteto (Ensemble L'imaginaire, Francia) e un concerto para acordeón e *ensemble* (Ensemble Reconsil, Austria).

www.santiagodiezfischer.com.ar

Hugo Morales Murguía (México, 1979). Compositor e artista sonoro, o seu traballo céntrase na creación e deseño de formas alternativas de xeración de son como parte fundamental do discurso musical. Sexa a través de instrumentos tradicionais ou de obxectos rudimentarios, o seu traballo desenvólvese entre a exploración técnica, a notación, a modificación física e o uso de tecnoloxías diversas.